

## ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A SELECCIÓN DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS EN ESPAZOS NATURAIS - PERSOAL LABORAL TEMPORAL (FOMENTO DE EMPREGO)

SESIÓN DO 26/06/2025

### Asistentes:

Presidenta:  
María Mariño Poza

Secretaria:  
Martín Blanco Buceta

Vogais:  
Ignacio J. Pérez Hermo – César R. Tarela Pérez- Lidia Sueiro López.

No Salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 09:00 horas do 26/06/2025 reúnen os membros do tribunal designado para a selección de socorristas acuáticos en espazos naturais.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por Resolución de Alcaldía de data de 06/06/2025.

O obxecto desta sesión é resolución das posibles alegacións presentadas e, finalmente a realización de proposta de contratación.

### 1.- ALEGACIONES PRESENTADAS:

Consta unha alegación presentada polo candidato Ciro Fernández Briones en relación á pregunta 15 do primeiro exercicio (proba tipo test de coñecementos):

15.- Que facer ante unha picadura de medusa?

- a) **Lavar con auga salgada e aplicar frío local**
- b) Lavar con auga doce
- c) Aplicar vinagre e frotar

O aspirante entende que esta pregunta presenta dúas posibles respostas (a e c) con posibilidade de ser válidas acorde aos manuais existentes en primeiros auxilios. Asemade achega un recorte do manual de primeiros auxilios da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 no que dí textualmente:

*“ Medusas: Son picaduras bastante dolorosas, provocando enrojecimiento, urticaria, quemazón y, en raras ocasiones, síntomas generales”...*

*“Lo que se SI debe hacer*

- *No lave con agua dulce la primera vez, ya que si hay restos de medusa sobre la piel, se aumentan los efectos de la picadura.*
- *No coloque inmovilizaciones o torniquetes.*
- *Lave la zona afectada con agua salada, del mar preferentemente la primera vez.*
- *Retire con pinzas si hay restos de medusa sobre la piel.*
- *Se puede aplicar después un lavado con agua y vinagre, y después sumergir la zona afectada en agua caliente sobre los 40-45°C, o lo que se pueda tolerar, durante unos 20 minutos. Ambas cosas inactivan el veneno.”*

Para a redacción desta pregunta, ademáis do manual de primeiros auxilios da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (que achega o aspirante) utilizáronse as instrucións emitidas ao efecto no Plan Nacional de actuacións preventivas dos efectos do exceso de temperatura sobre a



saúde - Precaución ante picaduras de medusas emitido polo Ministerio de Sanidade:

1. Hay que limpiar la zona afectada por la picadura. Lavar, **SIN FROTAR** la zona, siempre usando agua salada (en el propio mar) o en su defecto suero salino. **NUNCA** utilizar agua dulce, ya que por diferencias de presión osmótica los restos de células urticantes que persistan podrían explotar y difundir más veneno.
2. Avisar al socorrista más cercano o acudir al puesto de socorristas para ser atendido.
3. Si hay restos de tentáculos adheridos a la piel, se debe eliminar cuidadosamente utilizando unas pinzas o un mecanismo que asemeje el modo de una pinza, como el uso de dos tarjetas. **NUNCA** tocar la zona directamente con las manos.
4. Posteriormente, **se puede aplicar frío (no más de 20 minutos)** sobre la zona afectada usando una bolsa de plástico que contenga hielo, para evitar la inflamación y reducir el dolor. No aplique hielo directamente ya que puede producir quemaduras.
5. Es importante además, evitar la exposición de la herida a la luz solar, así como rascarse.
6. Si el dolor es muy intenso o el estado de la persona empeora progresivamente, deberá avisar nuevamente al socorrista o acudir de inmediato a un centro médico.”

Así, e aínda que nalgúns casos se poida aplicar despois un lavado CON AUGA E VINAGRE é totalmente contraproducente FROTAR unha picadura de medusa, polo que a resposta c) da pregunta 15 é incorrecta. En consecuencia, o tribunal, por unanimidade acorda desestimar a alegación presentada polo aspirante Ciro Fernández Briones e reitera como correcta a opción a) da pregunta 15.

## 2.- SUMA DE PUNTUACIÓNS POR ORDE DECRECENTE:

O tribunal, por unanimidade, acorda ratificar as puntuacións outorgadas na sesión do 20/06/2025 segundo o seguinte detalle por orde de puntuación decrecente:

Nº	NOME	PUNTOS TEST	PUNTOS PRÁCTICA	TOTAL
1	ALEJANDRO TUBÍO SUEIRO	9,25	10	19,25
2	UXIA MARIÑO SILVA	8,75	10	18,75
3	ANXO ABALO ROMERO	9,5	9	18,5
4	NOELIA VILARNOVO SUAREZ	9,25	9	18,25
5	CIRO FERNANDEZ BRIONES	9	9	18
6	XOAN ABALO ROMERO	9,75	8	17,75
7	LUCAS FERNÁNDEZ FALQUE	9,5	8	17,5
8	PABLO CAMEAN LORENZO	9,5	8	17,5
9	RAÚL PIÑEIRO YAÑEZ	9,5	8	17,5
10	ANTON FERNANDEZ CERECEDO	9	8	17
11	MANUEL RIVADEMAR BETANZOS	9,5	7	16,5
12	BRAIS MANEIRO BOGA	8,25	8	16,25
13	GAEL MARTIN LOJO	8,75	7	15,75
14	ROI GARCIA LOURIDO	8,75	7	15,75
15	PABLO RODRIGUEZ NOVO	8,5	7	15,5
16	MANUEL PEGO PEREZ	7,5	8	15,5

## 3.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:



Tendo en conta que o obxecto deste proceso selectivo á a selección para a posterior contratación de 15 socorristas e que hai 16 persoas que pasaron o proceso selectivo, atendendo ao principio de eficiencia, só resulta necesario realizar o desempate entre os candidatos nº 15 e 16.

Tal e como se detallan nas bases que rexen este proceso selectivo, nun primeiro momento debe de establecerse a seguinte orde de prioridade: Mellor puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición.

Tendo en conta que o candidato PABLO RODRIGUEZ NOVO obtivo unha maior puntuación no primeiro exercicio lle corresponde a este o posto nº 15 e ao candidato MANUEL PEGO PEREZ lle corresponde o posto nº 16.

Unha vez realizado o desempate necesario, o tribunal acorda por unanimidade realizar a seguinte proposta de contratación de socorristas acuáticos en espazos naturais:

Nº	NOME
1	ALEJANDRO TUBÍO SUEIRO
2	UXIA MARIÑO SILVA
3	ANXO ABALO ROMERO
4	NOELIA VILARNOVO SUAREZ
5	CIRO FERNANDEZ BRIONES
6	XOAN ABALO ROMERO
7	LUCAS FERNÁNDEZ FALQUE
8	PABLO CAMEAN LORENZO
9	RAÚL PIÑEIRO YAÑEZ
10	ANTON FERNANDEZ CERECEDO
11	MANUEL RIVADEMAR BETANZOS
12	BRAIS MANEIRO BOGA
13	GAEL MARTIN LOJO
14	ROI GARCIA LOURIDO
15	PABLO RODRIGUEZ NOVO

Asemade proponse ao candidato MANUEL PEGO PEREZ coma suplente ante posibles renuncias ou baixas.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09:30 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.

María Mariño Poza  
Martín Blanco Buceta  
Ignacio J. Pérez Hermo  
César R. Tarela Pérez  
Lidia Sueiro López

